

CONCELLO DE BEGONTE

BASES REGULADORAS DAS AXUDAS DE ESCOLARIZACIÓN PARA O CURSO ESCOLAR 2019-2020

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Se ben a competencia propias dos concellos en materia de educación en xeral, e da etapa obrigatoria en particular, son as recollidas no art.25.2.n) da Lei 7/1985 do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, poden desenvolver accións de fomento coa fin de complementar as concretas políticas autonómicas neste campo, facilitando así o acceso á educación dos veciños do municipio, especialmente os que dispoñen de menor nivel de renda.

I. OBXECTO

É obxecto destas bases a regulación da convocatoria de axudas, do concello de Begonte, para a escolarización na etapa obrigatoria para o curso 2019-2020

As axudas que se convocan son as seguintes:

- Axudas cunha contía de ata **120,00 €** cada unha para educación infantil e primaria , e para os cursos de 1º, 2º, 3º e 4º da ESO, para material escolar.

Enténdese por material escolar: fichas de traballo de educación infantil, mochilas, cadernos, dicionarios e outros materiais directamente relacionados co desenvolvemento das actividades formativas escolares.

Dispónse de crédito axeitado e suficiente na aplicación 334.480 do orzamento municipal para o exercicio 2020, polo importe de 4.000 €.

II. BENEFICIARIOS

Poderán ser beneficiarios das axudas convocadas, os alumnos matriculados nos C.E.I.P. de Begonte e Baamonde, no curso escolar 2019-2020, estean ou non empadroados no municipio.

A estes efectos, os alumnos de Educación Infantil e Primaria de Saavedra e Uriz, escolarizados en Rábade, considéranse matriculados ou, no seu caso, procedentes do Colexio Público de Begonte.

Tamén terán a consideración de beneficiarios os alumnos empadroados en Begonte que cursen estudos no I.E.S de Rábade ou noutros centros educativos públicos ou concertados, no curso académico 2019-2020.

III. REQUISITOS E BAREMO

- 1º Aos efectos de poder solicitar estas axudas aplicaranse os umbrais de renda que se fixan a continuación, a renda familiar no ano 2018, non debe superalos seguintes umbrais máximos:

- Familias de 1 membro: 8.063,00 €
- Familias de 2 membros: 13.134,00 €
- Familias de 3 membros: 17.247,00 €
- Familias de 4 membros: 20.458,00 €
- Familias de 5 membros: 23.216,00 €
- Familias de 6 membros: 25.879,00 €



CONCELLO DE BEGONTE

-Familias de 7 membros: 28.397,00 €

-Familias de 8 membros: 30.898,00 €

A partir do oitavo membro, engadiranse 2.489,00 € por cada membro computable.

2º Determinación da Renda Familiar

Existen dúas modalidades de unidade familiar:

- **En caso de matrimonio (modalidade 1ª):**

A integrada polos cónxuxes non separados legalmente e, se os houber:

1. Os fillos menores, con excepción dos que, co consentimento dos pais, vivan independentemente destes.
2. Os fillos maiores de idade incapacitados xudicialmente suxeitos a patria potestade prorrogada ou rehabilitada.

A maioría de idade alcánzase aos 18 anos.

- **En defecto de matrimonio ou nos casos de separación legal (modalidade 2ª):**

A formada polo pai ou a nai e a totalidade dos fillos que convivan cun ou outra e reúnan os requisitos sinalados para a modalidade 1ª anterior.

Da regulación legal, a efectos fiscais, das modalidades de unidade familiar, poden extraerse as seguintes conclusións:

Calquera outra agrupación familiar distinta das anteriores non constitúe unidade familiar a efectos do IRPF.

Ninguén poderá formar parte de dúas unidades familiares ao mesmo tempo.

A determinación dos membros da unidade familiar realizarase atendendo á situación existente o día 31 de decembro de cada ano.

Por tanto, se un fillo cumpriše 18 anos durante o ano, xa non formará parte da unidade familiar nese período impositivo.

A renda familiar a efectos de beca ou axuda se obterá por agregación das rendas de cada un dos membros computables da familia que obteña ingresos de calquera natureza, de conformidade coa normativa reguladora do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas. A efectos das becas e axudas o estudo do curso 2019-2020, se computará o exercicio 2018 da seguinte maneira:

- Para a determinación da renda dos membros computables que haxan presentado declaración polo Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas año 2018, se sumará a base imponible xeral (casa 435 da declaración da Renda do ano 2018) coa base imponible do aforro (casa 460 da declaración da Renda do ano 2018) e se resta a cota resultante deste resultado da declaración (casa 595 da declaración da Renda do ano 2018).
- Para a determinación da renda dos demais membros computables que obteñan ingresos propios e non haxan presentado declaración polo Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas se seguirá o procedemento descrito na letra a) anterior e do resultado obtido se restarán os pagos a conta efectuados.



CONCELLO DE BEGONTE

3º Terán preferencia, para a adxudicación das axudas, os alumnos nos que concorran algunha das seguintes circunstancias pola orde de prelación que se indica:

- Ser orfos absolutos.
- Pertencer a familias no que algún dos membros estea afectado de minusvalía legalmente recoñecida.
- Pertencer a familias nas que o pai /nai /titor se atope en situación de desemprego ou sexan pensionistas.
- Pertencer a familias numerosas.
- Pertencer a familias nas que o pai , nai ou titor sexa viúvo, solteiro/-a, divorciado ou separado legalmente ou de feito.

As axudas restantes adxudicaranse por orde das rendas per cápita (renda familiar entre número de membros) partindo das máis baixas. Non se poderá, en ningún caso, exceder a cantidade destinada a esta convocatoria.

Si unha vez outorgado as becas polo importe antes mencionado, resultara sobranse unha cantidade que non fose suficiente para a seguinte solicitude en orde de renda, esta axuda poderá ser de menor contía.

IV. TRAMITACIÓN E PROCEDIMENTO

O outorgamento das axudas ten carácter regrado, en réxime de concorrencia competitiva. O outorgamento das axudas, dentro dos límites orzamentarios, virá dado exclusivamente pola acreditación do cumprimento dos requisitos establecidos nestas bases.

O prazo para ditar e notificar a resolución do procedemento será de tres meses dende o seguinte ó do remate do prazo de presentación de solicitudes, considerándose desestimadas por silencio administrativo se no prazo antes sinalado non se notificara a resolución definitiva das solicitudes.

1. As solicitudes deberanse formular no formulario que a tal fin lles será facilitado:

- a. No respectivo Centro docente .
- b. Nas oficinas municipais.
- c. Na páxina web <http://www.concellodebegonte.es/gl/actualidade>.
- d. Na sede electrónica do Concello de Begonte <https://begonte.sedelectronica.es/dossier.1> (opción Axudas de escolarización).

2. A presentación de solicitudes poderanse realizar nas oficinas municipais, na sede electrónica do Concello de Begonte <https://begonte.sedelectronica.es/dossier.1> (utilizando calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos pola sede electrónica do Concello de Begonte) ou a través doutra das maneiras establecidas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas acompañadas da seguinte documentación:

- Fotocopia dos DNI dos pais ou titores (non esixible se se presentou convocatoria anterior).
- Fotocopia do libro de familia (**non esixible se se presentou na convocatoria**



CONCELLO DE BEGONTE

anterior e non houbo cambios).

- Declaración xurada das axudas solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade e dos demais extremos, de acordo co modelo do **Anexo I (continuación)**.
 - Documentación acreditativa dos ingresos da unidade familiar: **declaración IRPF do ano 2018**; senón se presentou, **certificación imputacións do IRPF**, certificación pensións, etc.
 - Factura orixinal acreditativa do gasto realizado, emitida entre agosto 2019 e o día de finalización do prazo presentación solicitudes.
 - Certificación do número de conta bancaria que inclúa o IBAN.
3. O prazo de presentación de solicitudes será de 30 días naturais, a contar desde a publicación da convocatoria no Taboleiro de Anuncios nas oficinas municipais, no Taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Begonte <https://begonte.sedelectronica.es/info.1> e na páxina <http://www.concellodebegonte.es/gl/actualidade>.
4. O estudo das solicitudes presentadas farase por unha comisión de avaliación integrada por:
- Presidente: Alcalde- Presidente do Concello ou persoa en que delegue.
 - Vogais:
 - Concelleiro/a de Educación, Cultura e Deportes, ou persoa en que delegue.
 - Secretario: o da Corporación ou persoa en quen delegue.
5. A concesión das correspondentes axudas realizarase por Resolución da Alcaldía, logo da proposta motivada da Comisión avaliadora.
6. O pagamento da subvención concedida farase efectivo aos beneficiarios unha vez resolta a concesión das mesmas.

V. INCOMPATIBILIDADE

As axudas convocadas son incompatibles con calquera outras que puideran recibirse doutras entidades ou persoas públicas ou privadas, para a mesma finalidade.

VI. DISPOSICIÓN FINAIS

1. En todo o non disposto na presente convocatoria haberá que a terse ó disposto na lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei xeral de subvencións, e demais normativa que lle sexa de aplicación.
2. A presente convocatoria publicarase no Taboleiro de Anuncios nas oficinas municipais, no Taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Begonte <https://begonte.sedelectronica.es/info.1> e na páxina <http://www.concellodebegonte.es/gl/actualidade>, efectos de cumprimento do requisito de publicidade.

En Begonte,

O Alcalde: José Ulla Rocha.

